

A estrutura das palabras. Lexemas e morfemas

É ben sabido que unha lingua posúe *moreas* e *moreas* de palabras, as cales conforman o seu código.

Agora ben, moitas desas palabras están emparentadas entre si. Daquela, poden ser identificadas por compartiren un mesmo "xene" que as vincula: o **lexema** ou **raíz**. Este trazo distintivo estará presente en todas as palabras da súa mesma **familia léxica**.

Unha **familia léxica**, ou familia de palabras, **é o conxunto de palabras que posúen unha orixe común e comparten un mesmo lexema**.

O **lexema** é o que nos indica o **significado básico** dunha palabra (da mesma maneira que a raíz é a parte fundamental dunha planta). Por exemplo, *beb-* é o lexema de **beb-er**, **beb-ida**, **beb-ido**, **beb-eraxe**, **beb-eheiro**...

A estrutura da palabra complétana os **morfemas**, que serven para **construír as distintas formas** que pode presentar unha palabra, **completando ou modificando o seu significado**.

Os morfemas poden clasificarse en dous tipos: flexivos ou derivativos.

- Os **morfemas flexivos** son propios das palabras variables, indican nocións de **xénero**, **número**, **persoa**, **tempo verbal**... e non alteran a categoría gramatical da palabra. Por exemplo, no caso de *nen-a*, o morfema *-a* indica 'xénero feminino' e en *téxtil-es*, o morfema *-es* indica 'número plural'. En *cociñ-ei*, o morfema *-ei* indica 'primeira persoa do pretérito de indicativo'.
- Os **morfemas derivativos** empréganse para **crear novas palabras**, con base noutra anterior. Cando van diante do lexema denomínanse **prefixos** (**preacordo**) e cando se colocan detrás, **sufixos** (*caladiña*, *carballeira*).

Nalgunhas familias de palabras, o **lexema** pode presentar **cambios en canto á súa forma**. Isto acontece porque ao evolucionar co tempo, algunhas palabras fano máis rápido que outras. É o caso de *leite* e *lactosa*, *dor* e *doloroso* ou *aire/ar* e *aéreo*.

A lingua posúe varios mecanismos para formar palabras. Abordaremos agora os dous máis produtivos e frecuentes:

- **A derivación.** Consiste en **formar unha palabra con base noutra, engadíndolle morfemas** por diante ou por detrás do seu lexema:

floraría, peixeira, burelao, desfacer, bimotor, casona, bonitiña...

- **A composición.** Funciona mediante a **combinación de dúas palabras xa existentes** para formar unha nova:

vacaloura, paporrubio, abrelatas, papaventos, balonmán, sofá cama, arco da vella...

É bastante habitual que, ao **engadirlle morfemas derivativos** a unha palabra, sobre todo **sufixos**, esta **mude** a súa **categoría gramatical**:

ledo (adx. cual.) ⇒ *ledicia* (subs.)

maxia (subs.) ⇒ *máxico* (adx. cual.)


martelo (subs.) ⇒ *martelar* (verb.)

lenta (adx. cual.) ⇒ *lentamente* (adv.)

Palabra	A palabra é a unidade lingüística mínima que pode constituír por si soa un enunciado. Caracterízase semanticamente por ter significado unitario e graficamente por aparecer de xeito autónomo.
Morfemas léxicos ou lexemas	Son os elementos constantes e invariables da palabra que achegan o significado léxico ou conceptual. Este significado atópase nos substantivos, nos adxectivos e nos verbos Os lexemas independentes forman palabras por si mesmos: avión, pan, cama, mazá, coche...
Morfemas flexivos	Achegan significados gramaticais e constitúen a parte variable da palabra. Expresan as categorías gramaticais de xénero e número nos substantivos e nos adxectivos, e a conxugación e as desinencias de persoa-número e tempo-modo nos verbos. Xef-e, alt-a-s, cant-a-ba-mos
Morfemas derivativos	Forman novas palabras uníndose aos lexemas e achegan significados de lugar, acción, negación, anterioridade... Prefixos. Sitúanse antepostos ao lexema, pero non cambian a categoría gramatical da palabra que modifican. Ex- presidente, i-rregular, pre-lavado Sufixos. Situados pospostos ao lexema, cambian o significado das palabras e poden tamén cambiar a categoría das mesmas. Led-a-mente, branc-ura, barbudo. Sufixos alterativos (aumentativos, diminutivos e despectivos). Non se consideran morfemas derivativos porque non crean palabras novas nin mudan o significado da palabra base. Matizan o significado do lexema engadindo nocións apreciativas ou de tamaño: hom-azo, cas-oupa, fest-ón. Moitos destes sufixos están xa lexicalizados: cidadela, costela, portela, colchón, cortello.

Imos practicar un chisco...

1.- A seguinte listaxe de palabras está desordenada. Busca todas as que pertencen á mesma familia léxica e emparentaas. Unha vez que as teñas organizadas en familias, indica cal é o lexema común que presenta cada unha delas.



2.- Forma palabras derivadas cos morfemas e lexemas que aparecen a continuación:

hidro-	auto-	bi-	-aría
cosmo-	des-	-udo	-ada
motor	defensa	nauta	cervexa
teima	avión	pedra	armar

3.- Forma palabras compostas

fóra	balón	bule
ollo	alto	xira
ben	garda	conta
falante	borda	montes
quilómetros	bule	estar
cesto	mol	sol

4.- Descompón as seguintes palabras en lexemas e morfemas

	Prefixos	Lexema	Morfemas
ilóxicas			
sobredimensionado			
hidroavión			-
montañismo	-		
telefónico			
deslealmente			

5.- Nas seguintes palabras separa lexema, prefixo e sufixo. Fíxate no exemplo.

	Prefixo	Lexema	Morfema derivativo	Morfema flexivos	
				xénero	número
revestimento	re-	- vesti-	- mento		
reincidente					
nacionalismo					
internacionalismo					
intocable					
proximidades					
canastrón					
escanastrado					
estragados					
Bosques					
desordenados					

6.- Os sufixos *-ite* / *-te* teñen o significado de “*inflamación*”. Escribe o nome das enfermidades utilizando este sufixo:

- Inflamación das amígdalas:
- Inflamación do apéndice:
- Inflamación da farinxe:
- Inflamación dos bronquios:
- Inflamación do encéfalo:
- Inflamación do colon:

7.- Relaciona as palabras da columna esquerda coas da dereita de maneira que consigas construír palabras compostas:

auga	mol
salvar	auga
ollo	arder
para	vidas
gardar	serra
moto	pé
punta	lamas

Agora utiliza as palabras compostas que formaches no apartado anterior para completar as seguintes oracións:

- De primeiro prato temos _____ ao forno.
- Deulle un _____ á pelota e mandouna ao tellado.
- Bótalle ao café unhas pingas de _____.
- Se vas saír ao mar recorda levar o _____.
- O teu coche ten un golpe no _____ traseiro.
- Levaremos o _____, parece que vai chover.
- Colle a _____ e vai espolar uns carballos.

8.- Escribe tres palabra da familia léxica de:

estudar:

libro:

sono: